

Entanto non amence

...@s compañeir@s de Adiante (MRG) e do
Foro da Mocidade de Compostela.

[Transcrición dunha carta nunha garrafa atopada no areal de Donón, no Morrazo. Escrita por unha estudante universitaria e dirixida dende a longa noite de mármore @s obreir@s galegas, especialmente aos mortos no transcurso desa outra longa noite (a de pedra), namentres non amence]

Compañeiros dos boscosos risos:

Fágome a penas cargo da vosa ausencia neste outono que frustra decote as esperanzas comúns dese mañá espléndido, no que esta dimensión amarga que vivimos se torne sorprendentemente cálida. Fáltame moito a vosa man necesariamente obreira poñéndolle unha dirección de futuro a este pobo-nao espléndida e imprimíndolle nordeses inmensos, coma verbas, ao velame, porque sen vós, hoxe e sempre, *este bar ten balances* e patróns de navegación inexactos, errados.

Diríxovos estas poucas verbas por enriba do tempo, amigas, acedas, desacougadas. Estas liñas son, sen seren versos, camaradas, a epopea das vitorias chapodadas.

Nesta Universidade que soñastes Galega, paifocos de gravata e cátedras ou títulos rimbombantes, ensinanos a esquecer as eiras multiplemente fértiles dos vosos abris, pónenlle como acordes intencionadamente nos-táxicos aos himnos universitarios e proletarios que dándolle unha volta a ou Rosalía cantabamos, e dende a podremia intelectual de cada aula que imparten pretenden afogar no rebumbio da historia de bandeiras, batallas ou estirpes alleas (españolas) os vosos nomes. Dinvos mortos, cando nesta nación ordinariamente domeada, todos sabemos que só unha verdade vos arrastrou á *banda de acolá* dos almanaques, realidade fría, insensíbel: ASASINATO. Amigo Amador Rei, Daniel Niebla ou Xosé Ramón Reboiras Noia. Balbordo de estrelas vermellas, nomes.

Estou detrás das estalacitas e estalagmitas de xeo da historia que nos *contan noutra lingua*, e aquí todo ten que ser como unha dura mañá de marisqueo na que as nosas mulleres nacionais esgazan as mans e rañan a area freneticamente, no cerne da procura. Todo ten que ser inevitabelmente unha esculca ardua, amarga, difícil e humilde da vosa ensinanza

metalúrxica. Porque esta malpocada mocidade aínda calada ten (temos), ao igual que vós, o vieiros da vida coutado por infindos muros da barbarie. Por construcións cúbicas mimeticamente nefastas que cheiran a pobo aferrollado, que ulen unha, dúas, tres veces como unha outra palestina atlántico-cantábrica.

E só na vosa incansábel doutrina do verdadeiro é das cousas, e só no voso traballo cotiá, auténtica clase proletaria nosa, corpo operario galego, pode estar a forza final de vencer esta batalla. Nos mil e un Vietnam ou Cuba que son o voso sufrimento diario e a vosa loita imprescindíbel para que nosoutros non herdemos tamén as interminábeis e insoportábeis correas de produción das fábricas, os soles coma diabos a lambernos o lombo, as xornadas incansábeis da labranza e séculos de torturas nesta cárcere que se chama mundo, que se chama economía capitalista e que se deslomba en semellar perfecta, sempiterna, inescindíbel!

E con todo, deica aquí, onde escribo, ao pé deste atlántico mar que levou, carcomeu e vomitou cadáveres amigos, chega a vaga voraz do enérxico exemplo dos vosos 1936, 1968, 1972, 1975 (e mesmo este noso 2007 presente) da sementeira. E cecais, como materia antropomorfa me transforme en carqueixa ou terra denantes da colleita, poren os pobos, os pobos xamais morren... e o tempo chegará dos maduros froitos e a festa.

Aínda entoamos as cántigas de antonte, aínda quebramos virxinais muros caleados con vocábulos estridentemente valentes que din VENCEREMOS NÓS. E aínda nos queda por vivir a xornada de traballo, da firme construción, na que todos xuntos, unicamente en asemblea, sairemos dende o ventre das fábricas, dende o estómago náutico dos armadores, dende os centros quasi-privados da institución educativa que nos aliena, dende as afastadas leiras que nos atan e dende os lares familiares que con man de ferro comandamos... para marcharmos avante cara o ventre tamén negro deste mundo onde con suor, esforzo, guindastres, focues, metais, vasoiras, martelos, palabras, ergueremos un astro solar estritamente obreiro, estritamente novo e compartiremos o pan e o leite do almorzo perfecto que enguliremos mentres (como quixemos, como quixestes) á fin AMENCE.

Infoxove número 17, setembro de 2007